

A editorial Espiral Maior vén de publicar o poemario co que o escritor ourensán foi merecente do décimo premio Fiz Vergara Vilariño de poesía. Trátase, como el mesmo explica, dun “descenso” ao lado escuro do ser humano, na liña dos grandes poetas malditos franceses e ingleses.

De seda e ferro

“Bater de sombras”, premio Fiz Vergara Vilariño de Poesía



LIBROS

VICENTE ARAGUAS

Hai poetas que por razóns que se me fan arcanos non ocupan o lugar que deberan no espazo poético galego. E iso por máis que a súa poesía veña publicándose coa debida puntualidade, ou de que –mesmo– teñan boa acollida crítica. O asunto lector xa é outra cousa. O de poesía é un exemplar tan exótico que semella moi pouco doado clasificalo.


En xeral, a confraría poética é endogámica, por máis que teña que haber algún lector inocente, deses que non agachan inéditos nos trinques. Debe de habelo, pero eu –honestamente– non o coñezo aínda. Porque cando crín bater con algún foi que non, que en canto que apañamos certa confianza xa tiña para min (“dáme a túa opinión, pero con sinceridade, ¿eh?”) un libro de poemas propio agachado nun recuncho da súa intimidade. Por suposto que axiña que lle din un xuízo franco sobre o produto aquel granxeei unha inimizade para sempre xamais. E é que aquí ou no Nepal “mesmo os gatos queren zapatos”.

Mais estou alonxando os meus disparos do meu obxectivo de hoxe. Non outro que loar a un poeta, Francisco X. Fernández Naval,

RECOÑECIMENTO

Hai poetas que por razóns que se me fan arcanos non ocupan o lugar que deberan no espazo poético

non tan recoñecido no noso ámbito como debiera. E iso malia ser dono de sete libros de poemas, co que teño diante miña, algún galardón (dous Cidade de Ourense, o Fiz Vergara Vilariño para o volumen que me ocupa hoxe) e unha recepción crítica sobranceira. Incluíndo a miña, que teño dito de Fernández Naval, como lembraba



Fernández Naval prepara unha novela

MARIBEL LONGUEIRA

“Bater de sombras”
Francisco X. Fernández Naval
Espiral Maior / 13 euros

este en recente entrevista, que escribe con seda a partir dun concepto férreo.

O que dixen no seu momento volve a min con forza cando leo “Bater de sombras” (Edicións Espiral Maior, Culleredo, 2010), X Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Un libro aberto e misterioso e callado de silencios, para verquer acentos doridos, intensos, ás veces pausados por asonancias nada violentas, que encerra unha poética sumamente reivindicativa. Unha poética que neste libro, e non soamente por estar encabezado pola cidadísima (por parte das poetas, galegas ou non) Alejandra Pizarnik, recorda a de algunhas desas mulleres que están facendo unha poesía, aquí e agora, de axitación ou combate. Internos, xa se entende, pero desde ese compromiso que segue sendo posible, en termos literarios, grazas a quen escriben poemas revolucionados.

E revolucionarios. Que parte importante desa xente sexan mulleres é un feito. Ao mellor tamén un síntoma. O que nos levaría por outros derroteiros. Diferentes aos que marca Fernández Naval no seu último libro. De poemas precisos. Onde a súa lonxitude escasa favorece a concisión e a ruptura. Características que eu aprezo na

AUTOR

Prosista e poeta, que desenguedella virtudes (e verdades) etéreas cando as sombras son como ás que se baten

poética dura deste ourensán de 1956, prosista e poeta, que desenguedella virtudes (e verdades) etéreas cando as sombras son como as ás que se baten, e a vida resulta un traballo dese Sísifo que xa se invoca no segundo poema do libro. O que ven despois do chamado, precisamente, “Bater de sombras”: “unha impresión de ferro,/ unha teima calquera,/ a cobiza dun anxo/desprovisto de luz” Por exemplo.

